

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 28 DE XUÑO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 12:05 horas do día 28 de xuño de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 26 de xuño, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D^a. M^a Jesús Lago Rey

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. Álvaro Crespo Casal (asiste ao punto 4a)
D^a. María Gómez Janeiro (asiste ao punto 11a)
D. Jesús López Moure (asiste aos puntos 8a e 9a)
D. Manuel Córdoba Ardao (asiste aos puntos 8b e 9b)
D. Antonio Villanueva Guimeráns (asiste aos puntos 8b e 9b)
D. Luis Rodríguez Cadarso de la Peña (asiste ao punto 15a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 23 de xuño de 2017

Apróbase a acta da sesión do 23 de xuño de 2017 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de decoración luminosa do nadal (4.384-106)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s do/s licitador/es. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público abriuse o Sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

CREACIONES LUMINOSAS, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 23:44	Páxina 1 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A64D-55E788-DFCA44-VHRCC5-HDC62S-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Incremento altura árbore Porta do Sol (metros)		4m
Incorporación música		non
Incremento MOT (nº unidades)	Total	51
	09	29
	57	22
	49	-
	11	-
	23	-
	12	-
	14	-
	41	-
	21	-
06	-	
Incremento superficie lumínica		87m ²
Nº árbores ou elementos naturais		0
Rótulos luminosos Casa Consistorial		-
Instalación para o acendido Navideño	Pantalla Led	si
	Equipo son	si
	Iluminación robótica	si
Prezo		693.935,00€
Incremento stock seguridade		5%

ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A.		
Incremento altura árbore Porta do Sol (metros)		5m
Incorporación música		si
Incremento MOT (nº unidades)	Total	80
	09	16
	57	16
	49	12
	11	12
	23	4
	12	4
	14	4
	41	4



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A.		
	21	4
	06	4
Incremento superficie lumínica		786,24 m2
Nº árbores ou elementos naturais		25
Rótulos luminosos Casa Consistorial		si (92m ²)
Instalación para o acendido Navideño	Pantalla Led	si
	Equipo son	si
	Iluminación robótica	si
Prezo		636.609,73€
Incremento stock seguridade		5%

Ambas as dúas empresas achegan a documentación que acredita que poden dispoñer das melloras ofertadas e o orzamento detallado, esixidos no apartado 7B do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares.

CREACIONES LUMINOSAS, S.L. declara confidencial a súa oferta.

Asisten á apertura D. Miguel Pereira Álvarez, con DNI 35.573.160-A e D. Ramón Pereira Alonso, con DNI 35.548.215-J, en representación de CREACIONES LUMINOSAS, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no Auditorio municipal da Casa do Concello (1.165-330) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Promoción e Xestión Cultural o 26 de xuño de 2017 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*".

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros (90.514-210) (informe sobre B)

Non se trata este asunto porque se retira a petición do xefe da área xestora deste expediente.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 23:44	Páxina 3 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A64D-55E788-DFCA44-VHRCC5-HDC62S-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Auditorio municipal da Casa do Concello (1.165-330)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo de Promoción e Xestión Cultural o 26 de xuño de 2017 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros (90.514-210)

Non se trata este asunto porque non comparece o xefe do servizo xestor deste expediente.

11.- Propostas de adxudicación**a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto “Actuacións preparatorias orientadas ao desenvolvemento do 3º programa para pintado de medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública” (8.521-307)****LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto “Actuacións preparatorias orientadas ao desenvolvemento do 3º programa para pintado de medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública” (8.521-307)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 26 de xuño de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas.”

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto “Actuacións preparatorias orientadas ao desenvolvemento do 3º programa para pintado de medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública” (8.521-307) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 23:44	Páxina 4 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A64D-55E788-DFCA44-VHRCC5-HDC62S-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

	Licitador	Puntuación
1	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	90,26
2	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACION Y VIALES, S.L. (ACEVI)	89,00
3	ORECO, S.A.	36,17

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.006,74 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., o día 26 de xuño de 2017, que presenta a documentación requirida o 28 de xuño, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 28 de xuño de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 23:44	Páxina 5 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A64D-55E788-DFCA44-VHRCC5-HDC62S-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 14 e 20 de xuño de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto “Actuacións preparatorias orientadas ao desenvolvemento do 3º programa para pintado de medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública” (8.521-307) por un prezo total de 234.664,53 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

15.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación da explotación da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello (19.840-240) (Documentación remitida polo Rexistro Mercantil sobre OH VIGO, S.L.)

Entrégase a nota simple expedida polo Rexistro Mercantil en relación coa inscrición de OH VIGO, S.L., de data 15 de xuño de 2017.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:50 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 23:44	Páxina 6 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A64D-55E788-DFCA44-VHRCC5-HDC62S-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		